



CONCELLO DE ARANGA

Por acordo da Xunta de goberno local do 23/07/2024 aprobouse a convocatoria do proceso de selección para cubrir, con carácter laboral temporal, unha praza de Traballador/a social por substitución transitoria da persoa titular con reserva de posto de traballo e a formación dunha bolsa de emprego para cubrir necesidades de coberturas temporais do posto no concello de Aranga, así como as bases que rexerán a selección dos aspirantes.

O prazo de presentación de instancias é de cinco días hábiles contados dende o día seguinte á inserción do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCEDEMENTO PARA A COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TITULADO EN TRABALLO SOCIAL E DA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL PARA AS COBERTURAS TEMPORAIS DO CITADO POSTO

1.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal e cobertura da praza de Traballador Social, durante o tempo estritamente necesario, de conformidade co previsto no Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais previstas no artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores.

2.Tipo de Contrato e duración.

O traballador/a social será contratado unha vez rematado o proceso selectivo para a cobertura interna da vacante, cando esta se produza, e o seu cese producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron o seu nomeamento. No momento actual precisase cubrir a vacante pola situación de baixal da titular do posto.

En todo caso, o Concello de Aranga, formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas:

1. Pola cobertura regrada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.

2. Por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou á amortización dos postos asignados.
3. Por finalización do prazo autorizado expresamente recollido.
4. Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

3. Normativa aplicable ao procedemento de selección

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no EBEP (Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público/). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia (TRLFPG)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Restante normativa vixente na materia.

4.- Características da bolsa de traballo

1. Nivel de titulación esixido: Diplomatura en Traballo Social-Asistencia Social e/ou ou Grao en Traballo Social.
2. Denominación do posto: Traballador/a Social.
3. Grupo: A2
4. Nivel: 20
5. Xornada: A tempo completo.
6. Retribucións: As que figuran no anexo de persoal no orzamento municipal
7. Funcións: As que figuran na ficha deste posto da RPT

5. Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte no proceso selectivo de creación de Bolsa de Traballo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos mínimos, en aplicación do artigo 56 do TREBEP, na data de expiración do prazo de presentación de instancias:

a) Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Idade: Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do posto ofertado.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación.

d) Habilitación: Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial

para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

e) Compatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Titulación: Estar en posesión do título de Diplomado/a en Traballo Social ou Grao de Traballo Social, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Carné de conducir: Dado que entre as tarefas ou funcións atribuídas aos Traballadores/as socias, inclúense a realización de visitas domiciliarias e realizar seguimento de casos, os/as aspirantes deberán estar en posesión de carné de conducir B1.

h) Nivel de galego: Celga 4 ou equivalente ao mesmo nivel, segundo o diposto na Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza.

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente

eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

i) Ter aboado as taxas correspondentes para a participación no proceso selectivo.

6.Publicidade da convocatoria e das bases

Procederase á publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As Bases que rexen a convocatoria e o procedemento selectivo serán publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica de Aranga : <https://sede.aranga.gal>.

7. Presentación de instancias

7.1.- Para tomar parte no procedemento de selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha **instancia** dirixida á alcaldía, conforme ao modelo que consta no as presentes Bases.

7.2.- O prazo de presentación de instancias será cinco **(5) días hábiles** a contar dende o día seguinte a aquel en que se produza a publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

7.3.- Lugar e forma de presentación: As instancias serán presentadas na SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO DE ARANGA. (<https://sede.aranga.gal>)

De non cumprimentar este requisito, a instancia non se admitirá se ten entrada no Concello con posterioridade ao remate do prazo para presentación de instancias.

7.4.- Documentación que debe acompañar á instancia:

A.Fotocopia ou copia cotexada do **DNI**, resgardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.

B.Declaración xurada de non **ter sido separado** mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en **inhabilitación** absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por esolución xudicial, para o **acceso** ao corpo ou escala de funcionario ou para **exercer funcións** similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

C.**Declaración xurada** de que non incorre en causas de **incompatibilidade** de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

D.Fotocopia ou copia cotexada do **Titulación de Diplomatura en Traballo Social e/ou Grao correspondente**. Ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do título, cando aínda non se posúa fisicamente o mesmo.

E.Fotocopia ou copia cotexada da documentación acreditativa dos **méritos alegados**, sinalados no baremo destas Bases (Base 10.1)

F.De se-lo caso, certificación do grao de discapacidade.

G.Fotocopia do carné de conducir

H.Formulario de AUTOAVALIACIÓN de méritos ANEXO II, debidamente cumprimentado. Se algún/ha aspirante non aportara o autobaremo, quedará excluído/a do proceso selectivo. Se algún/ha aspirante non aportara a documentación acreditativa dos méritos alegados, será baremado con 0 puntos. Incluso os/as aspirantes con 0 puntos de méritos deberán aportar tal documento asinado

I.Carta de pagamento de ter aboada a taxa pola inscrición en probas selectivas convocadas polo Concello de Aranga, publicadas no BOP A Coruña, núm. 110 do 10 de xuño de 2022. No caso de acollerse a bonificación ou exención, deberá presentar a documentación acreditativa.

8. Admisión de aspirantes

Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias aprobarase a “**Relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos**”, con indicación se é o caso, dos motivos de exclusión, mediante Resolución da alcaldía, que se publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica de Aranga, no prazo máximo de 3 días naturais a partir do seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias; concedese un prazo de 2 días hábiles para efectos de posibles reclamacións ou emenda de defectos nas solicitudes.

Logo de que transcorra o prazo de reclamacións e emendas (2 días hábiles), a alcaldía, por Resolución, aprobará a “**Relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos**” que será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello e na web municipal.

Tódolos anuncios relativos a este procedemento de selección (agás a publicidade da convocatoria que se fará segundo o especificado no número 6 destas Bases) realizaranse no Taboleiro de Edictos da sede electrónica de Aranga.

9. Tribunal de selección

9.1.- Composición do Tribunal: Para a selección designarase un Tribunal composto polos seguintes membros:

- Presidente: Un/unha traballador/a social funcionario ou persoal laboral da administración local.
- Vogais: Tres traballadores/as membros do persoal laboral fixo ou funcionario dunha administración pública, nomeados pola alcaldía.
- Secretaria: a secretaria do Concello de Aranga ou funcionario en quen delegue, que actuará con voz, pero sen voto.

De ser o caso, o Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

9.2.- Publicidade da composición. Abstención e Recusación: A composición definitiva do Tribunal farase pública mediante anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello de Aranga e web municipal.

Do mesmo xeito, unha vez elevada a definitiva a “Relación de aspirantes admitidos e excluídos” dita relación será posta en coñecemento de cada membro do Tribunal, a efectos de que preste declaración xurada de que nel non concorre ningunha das causas de abstención reguladas no artigo 23 da LRJSP. Dita declaración deberá incorporarse ao expediente con carácter previo á primeira sesión do Tribunal.

9.3.- Constitución do Tribunal e funcionamento: O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, sendo en todo caso obrigatoria a presenza do Presidente e do Secretario.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes Bases.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

9.4.- Vinculación da proposta do Tribunal: O alcalde debe resolver o procedemento de selección de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante. Co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou da súa toma de posesión, actuarase de conformidade co sinalado na Base núm. 14.

10. Proceso selectivo

A selección realizarase mediante o sistema de **concurso**, sendo **10 puntos** a puntuación máxima que se pode acadar.

10.1.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 PUNTOS

Valoraranse dous méritos: formación complementaria e experiencia profesional.

10.1.A.- **Formación complementaria** (5 puntos)

Será valorada a realización de cursos de formación e perfeccionamento en materias directamente relacionadas coas tarefas da praza convocada impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por estas. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada. Do mesmo xeito serán valorados os cursos impartidos polo Colexio Oficial correspondente.

Puntuarase como máximo ata 5 puntos, conforme ao seguinte baremo:

- - Por cursos realizados cunha duración de 20 a 40 horas: 0,1 puntos.
 - Por cursos realizados cunha duración de 41 a 80 horas: 0,2 puntos.
 - Por cursos realizados cunha duración de 81 a 100 horas: 0.3 puntos.
 - Por cursos realizados cunha duración de 100 a 300 horas: 0.5 puntos
 - Por Cursos de Experto Universitario, Especialización ou Máster superiores a 300h: 0,75 puntos.

Entenderáse por cursos relacionados, entre outros, aqueles que tiveran por obxecto o coñecemento e manexo do programa da Xunta de Galicia de servizos sociais SIUSS ou que se identifiquen cos ámbitos de intervención profesional dos e das titulados en traballo social, Cursos de entidades públicas, colexios profesionais ou Centros de Formación homologados.

Os cursos cunha duración inferior a 20 horas non serán valorados, tampouco aqueles nos que non se acredite o número de horas de duración.

10.1.B.- **Experiencia profesional** (10 puntos)

Será valorada a experiencia profesional en postos de semellantes características. **Puntuarase como máximo ata 10 puntos**, conforme aos seguintes criterios:

- Valoraranse os servizos prestados como traballador/a social ou asistente social, ó servizo de calquera das administracións públicas nas súas diversas modalidades (funcionario de

carreira ou interino ou contratado laboral fixo ou temporal) a razón de **0,10 puntos** por cada mes completo de servizo.

- Valoraranse os servizos prestados como traballador/a social ou asistente social, ó servizo dunha empresa ou ente privado que teña por obxecto a prestación de servizos de axuda a domicilio a razón de **0,05 puntos** por cada mes completo de servizo.

A experiencia profesional acreditarase aportando unha “Vida Laboral” emitida pola Seguridade Social, acompañada de contratos, acta de nomeamento, nómina, con información económica velada ou calquera outro medio válido en dereito que especifique e clarexe os postos ocupados que se reflicten na vida laboral da persoa aspirante e a súa duración.

As puntuacións de cada apartado outorgaranse sumando todos os días acreditados de experiencia dividindo entre 30, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando pola puntuación correspondente de cada apartado. No suposto de xornadas parciais aplicarase a proporcionalidade correspondente.

Non se valorarán aqueles méritos que non sexan alegados e acreditados polos aspirantes xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Non se valorará ningún mérito que non estea expresamente contemplado nestas Bases.

10.1.C FÓRMULA DE AUTOBAREMACION

Os/as aspirantes deberán proceder á autobaremación dos seus méritos debendo xustificalos documentalmente (méritos alegados e non xustificados non serán considerados), con arranxo ao baremo que se inclúe no apartado 10.1.

A autobaremación vinculará a revisión que efectúe o Tribunal cualificador, no sentido de que o mesmo só poderá valorar os méritos que fosen autobarecados e debidamente acreditados polos/as aspirantes, non podendo outorgar unha puntuación maior á asignada polos/as mesmos/as. En calquera caso poderase modificar a citada baremación, se xustificadamente considera que os méritos autobarecados pola persoa aspirante de que se trate, non cumpre cos requisitos recollidos nas presentes bases.

Os méritos para valorar polo Tribunal Cualificador, a efectos de determinar a puntuación na fase de concurso, serán os acreditados documentalmente e autobarecados polos/as aspirantes durante o prazo de presentación de instancias, non tomándose en consideración os alegados con posterioridade á finalización do devandito prazo, nin aqueles méritos non autobarecados polos aspirantes. Os documentos acreditativos que non fosen autobarecados non serán valorados.

A documentación xustificativa dos méritos valorados deberá ir ordenada e numerada segundo a orde en que se citan os méritos no impreso de autobaremo.

Só serán tidos en conta os méritos adquiridos con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias. Non se valorarán os alegados con posterioridade á finalización do devandito prazo.

A puntuación máxima a valorar será de 15 puntos, que se realizará conforme á ficha que figura no Anexo III destas bases.

11.Resolución do proceso selectivo

A puntuación total de quen participe virá determinada, pola suma dos puntos obtidos nas distintas fases deste proceso selectivo, polo que a dita suma determinará a **orde final de puntuación dos aspirantes**, que será publicada no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello que se utilizará para a formación da Bolsa de Emprego (Base número 14).

Considérase que aprobaron as probas os aspirantes que obteñan algunha puntuación e o Tribunal elevará á alcaldía a proposta de aprobación da listaxe dos integrantes da bolsa , segundo a orde de puntuación obtida , comenzando pola persoa candidata que obtivera a maior puntuación e seguindo unha orde decrecente da puntuación obtida . Esta proposta de nomeamento do Tribunal será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos da sede electrónica de Aranga.

Igualmente o Tribunal realizará unha **proposta de nomeamento** a favor da persoa candidata que obtivera a maior puntuación.

12.Criterios de desempate

En caso de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:

- Primeiro: a favor da persoa aspirante que acredítase máis tempo traballado como traballador/a social ao servizo da administración local..
- Segundo: de persistir o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia (letra “H”, RESOLUCIÓN de 31 de enero de 2024 por la que se hace público el resultado del sorteo al que se refiere el Reglamento de selección de personal de la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia.).
- Terceiro: de persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.
- Cuarto: de persistir o empate, efectuarase sorteo público.

13. Nomeamento, presentación de documentación e formalización do contrato de traballo.

13.1.A bolsa de emprego será aprobada pola alcaldía e publicaráse no Tablón de edictos da sede electrónica do concello de Aranga, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados.

Contra a resolución de aprobación, que agota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo segundo a normativa vixente ou calquera outros que os interesados consideren oportuno.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada ante a alcaldía.

13.2.- No seu caso, nomeará á persoa aspirante que ocupe o primeiro posto na bolsa, mediante a oportuna resolución .

13.3.- A persoa candidata, no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte ao da notificación do nomeamento , deberá presentar perante o Concello a documentación orixinal xustificativa dos requisitos e dos méritos alegados durante este procedemento, de non ter presentado as fotocopias cotexadas.

Ademais, a persoa candidata nomeada deberá presentar, perante o concello e nese prazo, os documentos acreditativos do cumprimento da Base núm. 5, letra D): “posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto do traballo”, para o que deberá achegar un certificado médico. Polo tanto, a sinatura do contrato laboral e a incorporación ao posto de traballo, quedan supeditadas á presentación da dita documentación correctamente. En concreto presentará:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social, se for o caso.
- Domiciliación de Nóminas.

13.4.- De non presentarse a documentación requirida no punto anterior nos prazos indicados ou no caso de deducirse da documentación que a persoa candidata seleccionada non reúne os requisitos esixidos ou non acredita os méritos alegados, a persoa aspirante non poderá ser contratada; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, a alcalde nomeará á seguinte persoa aspirante aprobada por orde de puntuación. Este nomeamento será notificado do mesmo xeito e

concederáselle á nova persoa candidata os prazos previstos no apartado anterior para presentar a documentación que nel se esixe.

13.5.- En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algunha.

14. Funcionamento Bolsa de emprego

14.1.- A bolsa de emprego que estará formada por todas as persoas aspirantes que superaron o procedemento, ordenadas de xeito decrecente, utilizaráse para a cobertura de prazas (con carácter interino ou a celebración doutros contratos laborais con carácter temporal) para as que se esixan os mesmos requisitos e se valoren os mesmos coñecementos que nas presentes bases. O mesmo sistema seguirase para suplir eventuais situacións de rexeitamento da persoa aspirante que foi nomeada e efectivamente contratada neste proceso selectivo.

14.2.- A bolsa permanecerá en vigor durante un mínimo de dous anos e máximo de catro anos, dende que sexa aprobada, procedendo posteriormente a súa renovación. Unha vez renovada perderá a súa validez á que até ese momento estivese vixente, sen que afecte ao persoal nomeado en virtude dela, durante a súa vixencia.

14.3.- No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase, mediante chamamento telefónico, ás persoas incluídas na listaxe coas , pola orde de puntuación obtida e que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Aranga, para os efectos de que, nun prazo de vinte catro horas manifesten a súa aceptación de incorporarse ao posto de traballo.

O chamamento realizarásese dende recursos humanos, a través do teléfono ou correo electrónico. En primeiro lugar intentarásese o chamamento ao número de teléfono facilitado polo candidato. O intento de chamamento realizarásese dúas veces no prazo de vinte e catro horas, e no caso de non obter resposta , remitirásese o chamamento por correo electrónico.

O candidato/a deberá manifestar no prazo de vinte catro horas se acepta ou non a contratación, debendo presentar no Concello, no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao do chamamento, salvo que este estableza outro diferente, a documentación que se indica na base 13.3.

No suposto de rexeitar a proposta telefónicamente ou de non presentar a documentación no prazo sinalado, farase constar no expediente mediante dilixencia para o efecto, e chamarase ao seguinte candidato/a. En todo caso, extenderásese dilixencia de todas os chamamentos e tentativas realizadas.

No caso de que os integrantes que foran obxecto de chamamento estivesen prestando servizos para a Corporación, poderán rexeitar a oferta e se lle respectará a orde que tivesen na Bolsa.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación debendo comunicar ao Concello calquera variación destes.

A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos conseguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- No suposto de que un aspirante nomeado non presente a documentación ou da documentación se deduza que non reúne os requisitos esixidos para desempeñar o posto ou non acredita os méritos alegados en relación coa súa inclusión na Bolsa de Emprego, procederase a eliminalo da bolsa.
- O candidato/a chamado que manifestase a súa renuncia ao posto pero manifestase o seu interese en continuar na bolsa, pasará a ocupar o último lugar durante o prazo dun ano. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados motivadamente pola Alcaldía, conservando nestos casos, a orde na bolsa. Non se incluirá como causa de forza maior o de estar traballando no momento do chamamento, agás que sexa para o Concello.
- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa.
- Os aspirantes nomeados, logo de finalizar o período de servizos, volverán ao posto que ocupaban na Bolsa no momento de seren chamados.

15. Incorporación

O aspirante aspirante chamado segundo a base anterior, presentará os documentos que se especifican na base 13.3, e será nomeado, por resolución da Alcaldía, para o cargo para o que foi seleccionado e, previa sinatura do oportuno contrato e alta na Seguridade Social, haberá de incorporarse ao seu posto no prazo de dous días hábiles.

Quen dentro dos respectivos prazos , salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, ou non comparecera para a sinatura ou non se incorporase, non poderá prestar os seus servizos, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incorrer por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

A finalización da relación de interinidade produciráse, sen dereito de compensación algunha, en cada caso, nos supostos sinalados no apartado 3 do artigo 10 do TREBEP.

16. Norma final

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma

establecida pola Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei de Xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

Apelidos e Nome:

DNI:..... Data de Nacemento:

Domicilio:.....

Código Postal: Localidade:

Provincia:

Teléfono:

.....

Enderezo electrónico:

EXPOÑO:

Que informado da convocatoria para a selección dunha persoa **titulada en traballo social en réxime de interinidade ata a cobertura definitiva da praza**, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación:

- Impreso de autobaremo.
- Copia do DNI ou documento que proceda en caso de estranxeiros.
- Copia do título académico.
- Copia do título da lingua galega.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.
- Carné de conducir

DECLARO:

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado

ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Non incorro en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SOLICITO:

Ser admitido no proceso de selección para a praza de **titulada en traballo social en réxime de interinidade**.

En , a de de 202_.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARANGA

ANEXO II

IMPRESO DE AUTOBAREMO

Don/Dona..... con DNI optando á convocatoria para a cobertura temporal dun posto de titulado en traballo social e da creación dunha bolsa de emprego municipal para as coberturas temporais do citado posto do Concello de Aranga, achega o presente xunto coa instancia de participación declarando a veracidade dos méritos relacionados.

Autobaremo: *(para autobaremar os seus méritos siga estrictamente o establecido nas Bases reguladoras e lembre que debe aportar a documentación acreditativa).*

FORMACIÓN ACADÉMICA: ata un máximo de 5 puntos

Entidade formadora	Título curso	Nº de horas	Puntos

(Engada tantas liñas como precise)

TOTAL DE FORMACIÓN ACADÉMICA..... puntos (máximo 5 puntos)

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Administración Pública, Fundación,ONG, Empresa	Posto de traballo que figura no contrato ou toma posesión	Especifique apartado	Data inicio-Data fin	Nº días/ meses	Grupo cotización	Puntos

(Engada tantas liñas como precise)

TOTAL DE EXPERIENCIA PROFESIONAL puntos (máximo 10 puntos)

TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO: PUNTUACIÓN A + B (15 puntos):..... puntos
--

En, a dede 2024

puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

Aranga, na data da sinatura

O Alcalde :Asdo:Alberto Platas Álvarez”

Aranga, a 23 de xullo de 2024

O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez

